

Á atención da Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

A comunidade escolar do IES As Lagoas, unha vez rematado o curso, quere manifestar as súas impresións sobre a crise derivada da pandemia da COVID-19, as dificultades xurdidas e as súas inquietudes sobre o futuro inmediato.

O día 12 de marzo despois de coñecer, pola prensa, a suspensión da actividade académica, iniciamos un período cheo de incertezas e preocupacións, ao que tivemos que enfrontarnos dun día para outro, cheos de dúbidas, vendo como se multiplicaban tarefas que nunca practicáramos, non só académicas, moitas puramente burocráticas, e tomando decisións rápidas para adaptarnos a unha modalidade para a que ninguén estaba preparado.

Os protocolos e instrucións chegaban tarde e eran bastante imprecisos, ou mesmo contradictorios, o que fixo que tiveramos que tomar decisións propias e fomos sempre por diante da administración porque o noso alumnado estaba, como toda a comunidade, confuso e angustiado e necesitaba respostas. Na espera, a administración, co seu silencio, dábanos vía libre, “facede como poidades”, pero descargaba en nós toda a xestión de atención ao alumnado e ás familias, máis individualista que nunca, a reparación de desigualdades e situacións familiares difíciles, a xestión e cesión de equipos, a comunicación constante coa comunidade, no que constituíu un traballo extenuante; daba igual a hora, o día, a disposición persoal ou o ánimo, un traballo inmenso, caótico moitas veces, con erros e indecisións si, pero cunha entrega de tempo, enerxía e medios propios que parecería imposible se nolo contasen antes. E mesmo así, fixemos todo o posible, todo o que estivo nas nosas mans.

Desatención, soidade e abandono foron as sensacións que tivemos; a primeira comunicación, e a única, da Conselleira foi no mes de abril a pesar de que no noso centro houbo varios casos de coronavirus que xeraron moita preocupación. As instrucións chegaban tarde, tivemos que rectificar, reaxustar, reintrepretar o confuso que había nelas. Aínda así, nunca descoidamos o traballo, e multiplicamos as nosas funcións; fomos profesores, inspectores, psicólogos, mensaxeiros, técnicos en informática, conselleiros, etc.

Agora, de cara ao novo curso, a administración pretende unha normalidade preocupante, con medidas cada vez máis rebaixadas para que caibamos todos sen ter que empregar moitos medios. Cuns centros vellos, sen recursos, cos espazos xustos (non sabemos como optimizar os que non temos), corredores estreitos, equipos obsoletos, etc., herdeiros dos recortes constantes dos últimos tempos, pretenden que volvamos como se nada ocorrese. Ninguén fala da calidade, da dignidade, nin da seguridade da comunidade escolar no ensino público. Ninguén fala porque, como foi, é; sen novas, sen instrucións, sen camiños que seguir. A dous meses de que un novo curso empece a andar!

Como traballadores responsables e actores principais do proceso educativo, gañamos o dereito a saber, a ter tempo para planificar sen que os nosos períodos de descanso (non tivemos vacacións desde Nadal) se vexan afectados, a non seguir dando paos de cego.

Polos mesmos motivos, temos dereito a reclamar unha escola pública de verdadeira calidade, que garanta un dereito básico e universal, recollido na Constitución, que defenda a equidade,

a xustiza social e a calidade que todo o alumnado, que vén a nós con esperanzas de que lle ofrezamos todo iso, merece e hoxe por hoxe non estamos en disposición de ofrecerlle.

Tendo en conta todas estas consideracións, esiximos das administracións públicas para o vindeiro curso e para o futuro dun bo ensino público as seguintes medidas e tomas de decisións:

1. Información clara e con tempo por parte da administración que nos permita planificar con xeito e pausadamente o novo curso.
2. Ampliación dos tempos de preparación dos novos cursos; no noso centro, con máis de 700 alumnos e alumnas, faise difícil facelo a escasas horas de que remate o prazo de matrícula.
3. Seguridade e hixiene nos centros educativos, con reforzos externos que garantan a saúde de toda a comunidade.
4. Dotación dos recursos necesarios e plataformas seguras e competentes, así como asesoramento e formación eficaz para toda comunidade.
5. Participación nas decisións administrativas sobre un traballo que facemos nós e autonomía real dos centros educativos.
6. Incremento, reforzo e melloras nas condicións laborais dos docentes.
7. Cociente de alumnado por aula adaptado á situación, máis sensato e seguro e reorganización de tempos.
8. Programas de reforzo eficaces con horarios adaptados e profesionais.
9. Currículos sensatos, reais, adaptados aos tempos que corren.

Se esta crise, como din, serviu para mellorar, non esquezamos tan rápido as dificultades que soportamos e poñamos remedio xa.

Ourense, 29 de xuño 2020.

Atentamente

Ado: Elisa Rodríguez Barés, directora do IES As Lagoas

Aprobado por unanimidade no Claustro e Consello Escolar celebrados o 29 de xuño de 2020

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL. OURENSE